

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CRUZ DO SAR

CURSO: 3º ESO

MATERIA: CULTURA CLÁSICA

DEPARTAMENTO: CCSS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA:11-5 -2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.
B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.
B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.
B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.
B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.	CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.
B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.
B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.
B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.	CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.
B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.
B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.
B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.	B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación dos traballos da Aula Virtual - Revisión e valoración sistemática das tarefas que semanalmente a profesora elabora na Aula Virtual. - Valoración do avance individual do alumno, todas as tarefas serán avaliadas.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios, traballos con textos, mapas, gráficas..., comprensión de vídeos explicativos, presentación da profesora, para a avaliación da terceira avaliación e a recuperación das avaliacións suspensas. <p>Probas presenciais, se a situación o permite, se non telemáticas ou orais mediante videoconferencia gravada para a recuperación das avaliacións suspensas.</p>
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> - Para os alumnos coa primeira e a segunda avaliación aprobada a nota da cualificación final calcularase mediante o seguinte sistema: <ul style="list-style-type: none"> • Farase a media aritmética das dúas avaliacións presenciais. • Os alumnos coas dúas avaliacións aprobadas ou recuperadas poderán subir a nota como máximo 1'5 puntos en función da valoración das actividades realizadas durante a fase non presencial • En calquera caso este último apartado só servirá para mellorar a nota, nunca para empeoralala. - Os alumnos que teñan algunha avaliación suspensa farán unha recuperación, sobre os contidos impartidos durante as clases presenciais, que consta de dúas partes. <ul style="list-style-type: none"> • Valoración das actividades de recuperación que cada semana se colgarán na Aula Virtual: 50% da nota. Cualificarase a súa entrega en tempo, o seu grado de realización, a adquisición dos estándares de aprendizaxe..... • Exame: 50% da nota. Esta proba realizarase de forma presencial se é posible, de non poder, o exame farase por vía telemática, oral mediante videoconferencia gravada.... • Os alumnos que teñan algunha avaliación suspensa tamén poderán facer as actividades da terceira avaliación e tamén lles poderá subir ata un 1'5 punto da nota, sempre que teñan recuperadas todas as avaliacións. - Na cualificación final o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 75 centésimas. - No caso de constatarse que o alumno fixo un exame fraudulento terá unha puntuación dun 0, o mesmo ocorre con traballos e actividades. No caso de que dúas persoas teñan exercicios ou exames idénticos serán anulados e as persoas implicados terán un 0 nesa tarefa.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Contémplase para aqueles alumnos cunha avaliación negativa en xuño unha proba extraordinaria en setembro. Os contidos avaliábeis na proba extraordinaria de setembro son os impartidos ata o 13 de marzo (ata o fin das clases presenciais).</p> <p>Esta proba realizarase de forma presencial se é posible, de non poder, o exame farase por vía telemática, oral mediante videoconferencia gravada...</p>

Alumnado	de	Criterios de avaliación:
----------	----	--------------------------

materia pendente	- Os contidos das materias pendentes do curso anterior non están supeditados ás dúas primeiras avaliacións porque xa os recibiron con plenitude no curso anterior. Polo tanto, buscarase unha valoración das súas competencias a través dos estándares fixados na programación xeral. A materia avaliada terá en conta aqueles contidos que non puideron ser desenvolvidos no curso anterior por falta de tempo. Para iso remitirémonos á información que aparece na memoria do curso 2018/19. Destes contidos os alumnos xa foron informados durante o curso.
	Criterios de cualificación: - Para recuperar a materia pendente do curso anterior terá que realizar un traballo ou actividades encomendadas pola Xefa de Departamento
	Procedementos e instrumentos de avaliación: - Valoración das tarefas encomendadas

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Elaborada pola profesora e presentadas na Aula Virtual (Moodle).Ejercicios, presentacións, vídeos, documentos, enlaces, esquemas, resumos...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - Actualmente no centro non existe alumnado sen conectividade. - A profesora elabora traballo semanalmente para os alumnos. Xunto as actividades van instrucións para a súa elaboración, apuntamentos, vídeos explicativos, enlaces, ademais de videoconferencias para resolver dúbidas. - Tamén elabora, dentro do plan para reforzar a recuperación do alumnado con algunha avaliación pendente, actividades orientadas a súa recuperación. - Ademais mediante correo electrónico ou na propia Aula Virtual os alumnos poden consultar a súas dúbidas ou entregar actividades, e reciben a corrección das mesmas. Intentando conseguir a maior retroalimentación posible dentro do ensino virtual.
Materiais e recursos	Libro de texto, material elaborado pola profesora, presentacións, a propia Aula Virtual, Espazo Abalar, actividades de autoavaliación, servicio de videoconferencia cisco Webex, lapbooks, plataformas educativas en internet como Kahoot, Edpuzzle.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Para informar ao alumnado as profesoras utilizan a Aula Virtual, Abalar, correo electrónico coas familias e os alumno e videoconferencias.
Publicidade	Esta adaptación vai estar publicada na web do centro e na aula virtual de cada materia.